

## PRESENTACIÓN

As Xornadas sobre *Xenética e Historia no Noroeste Peninsular*, organizadas polo Consello da Cultura Galega, foron unha ocasión axeitada para un diálogo necesario e tamén fecundo das dúas disciplinas, subliñando a inescusable relación multidisciplinar como camiño axeitado para realizar seriamente calquera análise ou investigación. Só cunha ampla intercomunicación de saberes das diversas disciplinas poderán acadarse resultados satisfactorios para a ciencia e a cultura.

A xenética e a historia, ademais de aproveitarse reciprocamente dos seus respectivos coñecementos, teñen que enriquecerse coas perspectivas doutras varias disciplinas, desde a arqueoloxía ata a lingüística. Unicamente desta forma, con esta metodoloxía, será posible achegarse á esencialidade dos pobos a través dos tempos.

A publicación dos relatorios destas Xornadas amosa a preocupación do Consello da Cultura Galega por profundar, desde a nosa singularidade, nos espazos do coñecemento actuais e decisivos para a cultura.

Desexo agradecerlles a colaboración a todos os relatores destas Xornadas, especialmente aos coordinadores, Anxo Carracedo e Gerardo Pereira-Menaut, polos seus magníficos traballos.

*Alfonso Zulueta de Haz*  
Presidente do CCG